



Concello de Campo Lameiro

BASES SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO POSTOS DE TRABALLO PARA A CONSTITUCIÓN DE UNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS INCENDIOS FORESTAIS PARA O ANO 2021.

PRIMEIRA.- Aprobar as seguintes bases PARA A CONTRATACIÓN DE UNHA BRIGADA DE INCENDIOS.

OBXECTO DA CONVOCATORIA: É obxecto da convocatoria a contratación, en réxime de contratación laboral temporal a xornada completa, dos seguintes postos de traballo para a constitución no municipio de unha (1) brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2021, composta de cinco membros:

- 1 Xefe de Brigada (Capataz Forestal)
- 3 Peóns de Brigada
- 1 Peón - Conductor con carné B

-Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as, o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa a para a realización de até un máximo de 11,8 hectáreas (ou a superficie necesaria para a xustificación da subvención en función das características do medio según o convenio de colaboración) de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual, e en todo caso as funcións establecidas no "Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Campo Lameiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020 "

Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

SEGUNDA .-Modalidade de contratación.

- Tipo de contrato: Contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, previsto no Real Decreto 2720/1988, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o art. 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratación de duración determinada.
- Duración : Será de tres meses dende a súa formalización, (sendo as datas previstas de inicio entre o 01 e 31 de xullo do presente ano , e de finalización entre o 30/09 ao 31/10)
- Retribución xefe de brigada: Será de 1.207,50 euros /mes brutos incluídos todos os conceptos salariais.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 7AMDCHJASGQFNLNWMJKELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11



Concello de Campo Lameiro

- Retribucións peóns de brigada e do peón condutor: Será de 1.108,33 euros /mes brutos incluídos todos os conceptos salariais.
- Xornada de traballo: Será a tempo completo e realizarase de luns a domingo cos descansos establecidos na lei, e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais así como as quendas de noite que sexan necesarias.
- Funcións a realizar:

Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable ao persoal das brigadas municipais participará na operación de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007.

Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

Traballos de vixiancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello segundo o disposto no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, cun mínimo de 10 has (ou a superficie necesaria para a xustificación da subvención en función das características do medio según o convenio de colaboración) por brigada nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional.

TERCEIRA.-Requisitos específicos:

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

- a) Ter nacionalidade española. No obstante, se terán en conta os seguintes supostos:
1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e ós demais sectores da función pública ós que, según o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.
 2. A poboación nacional de aqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras y traballadores nos termos nos que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.
- b) Estar en posesión da titulación suficiente ou estar en condicións de obtela na fecha en que finalice o prazo de presentación das instancias para tomar parte nas probas selectivas.
- c) Non estar separada o separado del servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitada o inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Haber cumprido os 18 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias e non exceder de 60.
- e) Ter a capacitación funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van a levar a cabo no posto ofertado. En consecuencia non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións do posto de traballo (Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas, a obesidade, a cegueira e a xordeira. En mulleres, será igualmente causa de exclusión o embarazo).
- f) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme a lo previsto regramentariamente.
- g) Para a praza de XEFE DE BRIGADA se esixirá estar en posesión de titulación académica: Enxeñeiro de Montes ou Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais ou paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carne de conducir B.
- h) Para as prazas de PEÓN DE BRIGADA e PEÓN CONDUTOR: Estar en posesión de carne de conducir clase B.
- i) Os candidatos deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

CUARTA.- Sistema selectivo

Establécese como sistema de selección o concurso-oposición en virtude da necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o





Concello de Campo Lameiro

posto a cubrir.

Neste sistema procederáse á valoración dos méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases, ademais dunha entrevista curricular. Ase mesmo, realizaranse unha proba teórica ós/ás candidatos/as relacionadas co posto a cubrir.

O sistema selectivo será o seguinte:

4.1. Exame de coñecementos

Proba de coñecementos Teóricos.- Consistirá na realización de un test sobre o seguinte temario:

- Coñecemento do territorio.
- A loita contra os incendios forestais.
- Prevención de riscos laborais nas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.

A duración de esta proba será de 30 minutos. A puntuación máxima que poderá acadarse será de 10 puntos.

Esta proba é obrigatoria pero non eliminatória

4.2 Entrevista curricular. Circunstancias persoais e profesionais.-

- 5 puntos: EXPERIENCIA EN EXTINCIÓN DE INCENDIOS.- Se valorará a razón de 0.1 punto por mes traballado noutras campañas de extinción de incendios, en calquera administración, empresa pública, sociedade instrumental ou empresa privada na mesma categoría
A experiencia acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral.
Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos os meses de trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.
- 5 puntos: VALORACIÓN TÉCNICA: Valorarase a dispoñibilidade e aptitude do/a aspirante. O tribunal poderá dirixir aos/as aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba práctica realizada.

Puntuación total máxima: 10 puntos.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os/as candidatos/as incluídos/as na oferta de emprego que desexen participar no proceso selectivo deberán aportar a documentación que se relaciona a continuación no Concello de Campo Lameiro no prazo establecido na carta remitida pola oficina de emprego correspondente:

- Solicitud de inclusión
- Carta de presentación do Inem
- Fotocopia do DNI
- Carne de conducir
- Tarxeta sanitaria
- Currículo persoal

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 7AMDCHJASGQFNLNWMJKELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 11



Concello de Campo Lameiro

- Documentos xustificativos dos méritos alegados(vida laboral e contratos).
- Titulación esixida para o caso de Xefe de Brigada

SEXTA.- ADMISIÓN.

Una vez aprobada a relación de aspirantes admitidos e excluídos, convocarase aos/as candidatos para a realización da entrevista curricular, proba teórica e valoración de méritos que terá lugar no prazo que se estipule na Resolución de alcaldía nas dependencias municipais do Concello de Campo Lameiro.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso. A mesma resolución do alcalde conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora das probas. A lista fixarase no Taboleiro de anuncios, concedéndose un prazo de un día natural para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o alcalde aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o alcalde ao nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista de similares características.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

En virtude do establecido nos artigos 60 e 61 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, en relación coa contratación laboral Temporal e para garantir unha maior transparencia e obxectividade constituirase esta Comisión Provisional de selección de persoal laboral temporal integrado polos/as seguintes membros:

- Presidente/a
- 2 Vocais
- Secretario/a

OITAVA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal puntuará os méritos, a entrevista

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 7AMDC-HJASGQFVILNWMJKELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPublico | Páxina 6 a 11



Concello de Campo Lameiro

curricular e a proba teórica, e aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo o Sr. Alcalde para a súa contratación ás persoas que encabecen a relación do proceso selectivo.

Os candidatos seleccionados deberán con carácter previo a súa contratación superar unhas probas médicas e de aptitude física, co obxecto de comprobar se a persoa aspirante ten unha condición axeitada de saúde e aptitude física.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

Os aspirantes seleccionados deberán participar con carácter obrigatorio nun programa de formación con un mínimo de 16 horas en materia de defensa contra incendios, comportamento do lume, ferramentas, extinción e liquidación, condución de vehículos todoterreo, seguridade laboral, primeiros auxilios, traballos con vehículos motobomba, liñas de defensa e ferramentas, EPI e comunicacións, seguridade, saúde e partes e medios aéreos, embarque e desembarque.

NOVENA.- En todo o non previsto por estas Bases, os contratos rexeranse polo disposto na lexislación reguladora de contratos de obra ou servizo determinado. Así mesmo, será de aplicación o Estatuto dos Traballadores e as disposición do Estatuto Básico do Empregado Público aplicables ó persoal laboral.

DÉCIMA.- Incidencias

O tribunal de cada proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- De conformidade co disposto na normativa vixente en protección de datos personais LO 3/2018 (LOPDGDD), Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, informámoslle que os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o **CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**, con sede na Praza da Provincia de Pontevedra nº 1. 36110

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 7AMDC-HJASGQ-FNLL-NVMJ-KELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPublico | Páxina 7 a 11



Concello de Campo Lameiro

CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a calificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/15, do 1 de outubro del del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas”.



Cod. Validación: 7AMDCHJASGQFVILNWMJJKELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 11

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

Convocatoria e probas de selección de persoal laboral Temporal Brigada de Incendios 2021	A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN	
	Núm. Expediente	Núm. Rexistro
	188/2021	
		Data

D/D^a, con DNI núm....., data de nacementoe domicilio a efectos de notificación en , municipio de provincia de , número de teléfonocorreo electrónico.....

Ante a convocatoria dun proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 4 peóns de brigada de incendios 1 xefe de brigada de incendios, en réxime laboral temporal, conforme ás bases que se publican no taboleiro de anuncios do concello.

EXPÓN

-Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.

-Que posúo a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas en non padezo enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

-Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

-Que son certos todos os datos consignados na solicitude e me comprometo a probar documentalmente tódolos extremos da declaración anterior, aportando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

- Que acompaño xunto a esta solicitude de admisión ás probas de selección, os seguintes documentos:

- Carta de presentación da Oficina de Emprego
- Fotocopia do DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Carné de conducir.
- Tarxeta sanitaria
- Fotocopia do título esixido.
- Anexo II, e documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo do concurso. (cursos, vida laboral e contratos ou certificados de empresa).

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 7AMDCHJASGQFVILNWMJKELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 11



Concello de Campo Lameiro

En conclusión ao exposto,

SOLICITO

Que sexa admitida esta solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos de provisión de do posto de :

- Peón de brigada de incendios.
- Peón-conductor de brigada de incendios.
- Xefe de brigada de incendios.

En Campo Lameiro, a de de 2021.

O solicitante,

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

[1] De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento dos datos ten como fin o exercicio, por parte desta Administración, das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, de ser o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo comunicación escrita a esta Administración: Praza da Provincia de Pontevedra, 1, 36110, Campo Lameiro, (Pontevedra).

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 7AMDCHJASGQFVILNVMJJKELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11



Concello de Campo Lameiro

ANEXO II. VALORACIÓN DE MÉRITOS

NOME E APELIDOS: _____

DNI núm.: _____

A.-EXPERIENCIA PROFESIONAL

EMPRESA	CATEGORIA	XORNADA (%)	PERIODO	TOTAL MESES

B.- CURSOS DE FORMACIÓN.

Denominación	Impartido por:	Nº horas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 7AMDCHJASGQFVILNWMJJKELWTFG | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11